

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS) PARA A XESTIÓN DA FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS RÍO HORTEGA, CONCEDIDOS AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (IDIS), A TRAVÉS DA FIDIS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA AES 2021.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) formalizaron o 4/4/2022 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante dous anos.

Que o instrumento convencional asinado ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a formalización dos contratos Río Hortega, concedidos ao IDIS a través da FIDIS ao abeiro da convocatoria correspondente ao ano 2021 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2017-2020, do Programa Estatal de Investigación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020, na súa resolución de data 1 de decembro de 2021.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O Instituto de Salud Carlos III ditou en data 23 de decembro de 2020 resolución pola que se aprobou a convocatoria correspondente ó ano 2021 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2017-2020, do Programa Estatal de Investigación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020.

Tres persoas candidatas solicitaron, a través da FIDIS e ao abeiro de dita convocatoria, un contrato modalidade Río Hortega, cuxo obxecto é a contratación de profesionais, en entidades sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, vencelladas ou concertadas co SNS, con actividade asistencial, que teñan superado a FSE, para o desenvolvemento dun plan de formación en investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde que simultanearán con

actividade asistencial correspondente a súa especialidade.

En data 1 de decembro de 2021 ditouse Resolución do Director do Instituto de Salud Carlos III, en virtude da cal concédese a axuda solicitada, para a contratación dos candidatos propostos.

En virtude do artigo 3.1.d. da citada convocatoria, que establece que *"(...)En los contratos Río Hortega únicamente podrán participar las entidades sanitarias públicas, contempladas en el artículo 4.1. b) apartado 2º de la Orden de bases, con actividad clínico asistencial"*, é o Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Santiago de Compostela) o que contrata aos candidatos seleccionados.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde.

María Estrella López-Pardo Pardo.

